

A BEPEF informa n.º 22

Febreiro 2026 | Boletín de novas

da biblioteca | da UDC | de apoio á investigación

Novas... da BIBLIOTECA

Novidades
bibliográficas
destacadas


User experience for serious games in virtual reality

Kojić, Tanja.

Springer, 2025

Sinatura INF. A 532

Este libro, bibliografía recomendada na materia [Interacción co Usuario](#) do Máster Universitario en Realidade Estendida, afonda en como facer as aplicacións de realidade virtual máis entreteidas e realistas. As ditas aplicacións non se estudan só no eido do entretemento, senón tamén aos coñecidos como *serious games*, empregados para educación e formación. Precisamente na biblioteca estamos a incorporar máis títulos relacionados con este tema. [Ver máis libros sobre serious games](#).




Ciberseguridad industrial

Escaño González, Juan Manuel

Paraninfo, 2025

Sinatura INF 356

Esta guía, dirixida a persoal enxeñeiro, técnico e estudantado do eido da ciberseguridade, céntrase na protección fronte as ameazas cibernéticas en entornos industriais. O autor da obra é o especialista na materia profesor da Universidade de Sevilla, Juan Manuel Escaño. O pasado mes de outubro visitou o Campus de Ferrol para ofrecer un relatorio divulgativo sobre este tema, que podeades coñecer máis en profundidade nesta obra que vos presentamos.




Digital twins in industrial production and smart manufacturing : an understanding of principles, enhancers, and obstacles

Dhanaraj, Rajesh Kumar, editor.

IEEE, 2024

Sinatura INF.A 535

Bibliografía recomendada na materia Integración de Sistemas do Máster Universitario en Realidade Estendida, ofrece unha visión xeral dos conceptos teóricos, as técnicas e as tendencias sobre xemelgos dixitais aplicados aos requisitos e retos da produción industrial e a fabricación intelixente.



**Revistas
impresas**
12/25 a 02/26

Revista	Número	Data
Alfa	n.62, 64	Xuñ., Dec. 2025
Automática e instrumentación	n.566	Ag. 2025
Cemento Hormigón	n. 1028	Maio/Xuñ. 2025
CIC: arquitectura y sostenibilidad	n.606	Nov. 2025
Código cero	n. 269, 270	Dec. 2025, Xan. 2026
Electronic product design & test		Nov. - Dec. 2025
Elektor MAG	v. 51,n. 542, 543	Dec.2025-Xan.2026
Eurofach electrónica	n. 505	
Fluidos	n. 480, 481	Out./Nov. 2025
Gas actual	n.177	Out./Dec. 2025
IMHE	n.520, 523	Set., Dec. 2025
Luces CEI	n. 85	Out. 2025
J3E	n.922	Nov. 2025
The MagPi	n. 160, 161	Dec.2025, Xan. 2026
Marine technology	n. 3	Xullo 2025
Metalindustria	n.60, 63	Xuñ. 2025, Xan. 2026
Naval Architect		Xuñ. 2025
Naval Forces	v. 46, n.4	Xullo 2025
Retema	n.266, 267	Set./Dec. 2025
Review ABB	n. 2	Xan. 2025
Revista APD	n. 383, 384	Set./Dec. 2025
Revista ASINEC	n.109, 111	Xan., Out. 2025
Revista española de electrónica	n.853, 855	Dec. 2025, Feb. 2026
Revista española de física	v.39, n.2, 4	Abr., Dec. 2025
Rotación	n. 624	Nov./Dec. 2025
Surfas press		
Técnica Industrial	n. 341, 342	Xullo., Nov. 2025
Tecnoinstalación	n. 76, 77	Set., Dec. 2025
Televes Info	n.193, 195	Xuñ., Dec. 2025
Theknos	n.270	Nov./Dec. 2025



Podes coñecer máis **novidades bibliográficas da biblioteca universitaria** dende o noso catálogo

→ **CONSULTAR EN Crunia**

**A EPEF
 recomenda**

O libro
 escollido por
**Laura Castro
 Santos**

Título do libro:

*El sueño de una
 generación : el
 cruceiro
 universitario por
 el Mediterráneo
 de 1933*

Autoría:

Francisco Gracia
 Alonso; Josep
 Maria Fullola i
 Pericot

Ano:

2006

Sinatura:

[Ver en Crunia](#)

A profesora da EPEF Laura Castro Santos, coordinadora do grupo de investigación **MARES**, suxírenos o libro *El sueño de una generación: el cruceiro universitario por el Mediterráneo de 1933*, unha obra de Josep Maria Fullola i Pericot e Francisco Gracia Alonso que nos achega a un dos episodios máis singulares e inspiradores da historia universitaria española do século XX.

Laura destaca o enorme valor histórico e humano desta publicación, que reconstrúe o chamado cruceiro universitario polo Mediterráneo de 1933. Máis ca unha simple viaxe de estudos, tratouse dunha auténtica embaixada cultural e dunha experiencia transformadora para quen tivo a fortuna de participar nela. Durante 45 días, a motonave Ciudad de Cádiz converteuse nunha universidade flotante que percorreu as costas mediterráneas, recalando en destinos como Túnez, Malta, Exipto, Palestina, Creta, Rodas, Turquía, Grecia, Sicilia ou Nápoles, nun percorrido polas raíces da cultura e das civilizacións mediterráneas.

A obra pon de relevo como aquel proxecto reuniu o máis destacado de varias xeracións de profesores e estudantes (arqueólogos, arabistas, historiadores, arquitectos, poetas) que compartiron coñecemento e convivencia nun contexto político e social especialmente complexo. O cruceiro foi impulsado polo ministro de Instrución Pública e Belas Artes, Fernando de los Ríos, no marco dun ambicioso programa de modernización e reforma da universidade española, que incluíu iniciativas como as Misións Pedagóxicas, o Teatro Universitario ou a Universidade de Verán de Santander. Os autores constrúen o relato a partir dun minucioso traballo de investigación en arquivos públicos e privados, así como de entrevistas a participantes e ás súas familias.

El sueño de una generación é, en palabras de Laura, unha lectura fundamental para comprender o papel da universidade como motor de transformación social e cultural, así como o espírito dunha xeración que viu na educación e na cultura unha ferramenta para construír un país máis aberto, crítico e conectado co mundo.

Nesta experiencia inspiraríase Miguel de la Quadra Salcedo para, anos despois, promover a **Ruta Quetzal**, unha experiencia iniciática, científica e ilustrada, declarada de pola UNESCO como programa cultural de interese universal, no que Laura tivo a ocasión de participar na súa xuventude.




Novos TFM no RUC

Recentemente incorporamos ao RUC, o repositorio institucional da UDC, varios traballos fin de máster a texto completo de catro titulacións impartidas na escola:

Titulación	Traballos incorporados
Máster Universitario en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos	3
Máster Universitario en Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade	6
Máster Universitario en Fabricación Aditiva	1
Máster Universitario en Informática Industrial e Robótica	6

Formación de Persoas Usuarias

A pasada semana rematamos a formación organizada para o alumnado do Máster Universitario en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos. En 2 sesións, tratamos a procura da información, os dereitos de autoría, citas e bibliografía con Zotero.



Lembrede que dentro do **Proxecto de Formación de Persoas Usuarias da BEPEF**, contemplamos a posibilidade de que o PDI solicite formacións da biblioteca para o alumnado dentro das súas aulas. Se es PDI da EPEF e estás interesado ou interesada, [contacta coa biblioteca](#).

Guía do estilo IEEE

Versión 2026

O estilo de citación de bibliografía do IEEE é un dos máis empregados no eido da enxeñaría. Na biblioteca poñemos a vosa disposición unha guía de axuda que acabamos de actualizar: [IEEE citas e referencias](#)

Ademais, na biblioteca estamos á vosa disposición para votarvos unha man na xestión da bibliografía cando o necesitedes!

Formación en liña sobre Web of Science

A FECYT e Clarivate organizan entre o 3 e o 5 de marzo pequenas sesións formativas en liña sobre a Web of Science. Asistencia de balde previa inscrición. As presentacións e as gravacións estarán dispoñibles en liña tras a súa finalización.

[+ info e inscricións](#)

Novas... da UDC

Faladoiros Literarios

O ciclo de tertulias Faladoiros Literarios, organizado polo Campus Industrial e o Concello de Ferrol, desenvolverase entre febreiro e xuño e contará coa participación de escritores e xornalistas para falar de literatura, creación e actualidade cultural.

Os encontros terán lugar ás 19:00 h, en diferentes ubicacións do Concello e do Campus, entre os que se atopa a nosa biblioteca. Os encontros, que están abertos a toda a cidadanía, terán a presenza dos seguintes escritores:

- 24/02 | Víctor Freixanes | Concello
- 10/03 | Carmen Bercera | Campus
- 24/03 | Ángel Basanta | Concello
- 14/04 | Darío Villanueva | Campus
- 12/05 | Manuel Rivas | Concello
- 12/05 | Xulio López Varcálcer e Medos Romero | Campus
- 09/06 | Ignacio Martínez de Pisón | Campus

[+ info na web do Campus Industrial de Ferrol](#)



Convocatoria Divulgando o noso!

O prazo para a IV convocatoria de divulgando o noso! Amplíase ata o 4 de marzo. A Unidade de Divulgación Científica e Cultural da UDC abre esta convocatoria co fin de contribuír á difusión dos resultados de investigación do persoal investigador a través do deseño de infografías científicas. [+ info](#)



Novas... de APOIO á INVESTIGACIÓN

**A EPEF
investiga**

**Artigos de
revista
publicados**

Compartímosvos a produción científica do profesorado da EPEF indexada entre decembro e febreiro en distintas bases de datos¹:

A Comparative Analysis of the Boundary Condition Schemes for an Immersed Cylinder in a Water Stream with the Lattice Boltzmann Method

Aplicación del titanio en el sector naval

Comparison of exact methods and metaheuristics to solve the flexible Job-Shop assembly problem in frigate shipbuilding

Correderas: historia y evolución

Corrosion protection on submarines

Counterion Dependent Side-Chain Relaxation Stiffens a Chemically Doped Thienothiophene Copolymer

Deep Learning-Based 3D Reconstruction for Defect Detection in Shipbuilding Sub-Assemblies

Detection and Classification of DoS Attacks in Zigbee Networks Using Supervised Learning Algorithms

Determinación de los calores de reacción de combustión y de formación de la sacarosa, mediante una práctica virtual de laboratorio de química

Development of virtual sensors using multi-plant data for wastewater treatment applications: a case study on nitrogen prediction in effluents

Experimental study of structured and unstructured roughness impact on the CHF of HFE-7100 for different saturation pressures

Explainable artificial intelligence and its key role in education: Promoting critical thinking and autonomy in the classroom

Framework for the Development of a Process Digital Twin in Shipbuilding: A Case Study in a Robotized Minor Pre-Assembly Workstation

Gemelo Digital inteligente. Tecnologías involucradas

Human health risk assessment of metals from bio-based microplastics using a bioavailability gastrointestinal digestion model

¹ Fontes consultadas: Web of Science, Scopus e publicacións da EPEF no Portal da investigación da UDC.

**A EPEF
investiga**

**Artigos de
revista
publicados**

[continuación]

Hybrid Computer Vision system for Traceability Improvement in the Metal Manufacturing Sector

Identifying key parameters of electrical curing using GAMs on thermal analysis data

Initial thermal boundary layer impact on phase-field lattice Boltzmann method for simulating a single-bubble boiling

Intelligent observer for fault detection and data recovery for small wind turbine

Interconnected donor–acceptor-additive effects on the microstructure and device performance of PM6: Y6 solar cells

Novel real-time heat detection system for dairy cows based on supervised techniques and smart collars

Práctica de laboratorio: cinética de la reacción entre el tiosulfato de sodio y el ácido clorhídrico

Reducing Ship Emissions Through Specialized Maintenance: A Case Study Based on Real Data

Selective Charge Extraction Allows Fast Photomultiplication and Imaging in Rigid and Ultra-Flexible SWIR Organic Photodiodes

Shallow Learning Techniques for Early Detection and Classification of Cyberattacks over MQTT IoT Networks

Smart Urban Pollution Management Using Deep Learning Techniques for NO₂ Prediction

Using Lignin and Spent Coffee Grounds as Bio-Additives in 3D-Printable Poly Lactic Acid/Multi-Walled Carbon Nanotube Composites for Advanced Electronic Applications

**A EPEF
investiga**

**Contribución
a congresos
publicados**

02-006 – Simplified comparative analysis of structural sustainability: equivalent CO₂emissions and investment costs in industrial buildings with different materials | Análisis comparativo simplificado de sostenibilidad estructural: emisiones equivalentes de CO₂y costes de inversión en naves industriales con distintos materiales

05-020 – Offshore wind value chain in the Galicia-Norte area | Cadena de valor de la eólica offshore en el área Galicia-Norte

06-011 – Main challenges in assessing the sustainability of personal and family automobiles: Potential solutions | Principales dificultades en la evaluación de la

**A EPEF
investiga**

**Contribución
a congresos
publicados**

[continuación]

sostenibilidad de vehículos automóviles de uso personal y familiar: Posibles soluciones

Application of AI Models for Predicting Level in Sewerage Networks: A Case Study of a Wastewater Pumping Station

Automated Management Intelligent System at a Pharmacy

Autonomous Generation of Sub-goals for Lifelong Learning in Robots

Comparative Performance Analysis for Modelling Photovoltaic Solar Panels Including their Temperature

Detection of Occupational Diseases Using a Semi-supervised Approach

Efficient and Secure Federated Learning with Ensemble of One-Layer Neural Networks

Experimental Testing of an Offshore Wind Platform Under the Combined Effect of the Wind Turbine and Irregular Waves

Exploring Automotive Quality Correlations through Explainable Machine Learning What-If Simulation

Friction Stir Welding of Aluminum Alloys Defect Detection Based on Convolutional Autoencoders

iMOPSE library for benchmarking Multi-Skill Resource-Constrained Project Scheduling Problem

Monitoring the Dynamics of Water Consumption from Time Series Using Machine Learning Techniques

On the fluid dynamics of toilet plume bioaerosols: An experimental study based on flow visualization

Predicting Hydrogen Consumption in a Fuel Cell Using Intelligent Techniques

Security in Constrained Application Protocol Networks: Evaluating Supervised Classification Techniques for DoS Attack Detection

Teacher Training in the Design of Educational Resources Using 3D Printing

Using eigenstructure assignment for spillover compensation in explicit co-simulation of linear vibrating systems

Portal de investigación

Nova guía

A Biblioteca Universitaria ven de publicar unha nova versión da guía do Portal de Investigación da UDC máis áxil concisa e clara.



Portal da Investigación da UDC

PRESENTACIÓN

Portal da Investigación da Universidade da Coruña

ESTRUTURA

- GRUPOS
- INVESTIGADORES/AS
- RESULTADOS
- INDICADORES
- PREGUNTAS FRECUENTES (FAQs)
- MÁS INFORMACIÓN

PORTAL DA INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O Portal da Investigación da Universidade da Coruña, administrado pola Biblioteca Universitaria, reúne a produción científica da institución co obxectivo de mellorar a visibilidade e a transparencia da actividade investigadora e de ofrecer ferramentas para a súa análise. Facilita a exploración da estrutura universitaria, a localización de persoas expertas en diversas disciplinas, o acceso ás súas publicacións e a consulta de indicadores bibliométricos a nivel individual, colectivo e institucional.

Calquera persoa pode acceder ao portal, pero é preciso identificarse como membro da comunidade universitaria para visualizar algúns indicadores e para dispor doutras opcións como o acceso aos textos completos dos documentos. O persoal investigador tamén pode descargar o seu CVN, informes co impacto normalizado das súas publicacións e xestionar o seu perfil de investigador.

Este proxecto nace da colaboración entre o Servizo de Biblioteca, o Servizo de Informática e Comunicacions e o Servizo de Investigación da UDC e conta cunha axuda María de Guzmán da [Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía \(FECYT\)](#).

Consultar a Infoguía

Ademais de consultar a dita guía, podeades solicitarnos na biblioteca información e asesoramento sobre as posibilidades e opcións que vos ofrece o Portal.

Zenodo

Novidades

Zenodo agora permite ter un maior control sobre os depósitos que realizamos. Engadiu unha nova opción para modificar ou eliminar os nosos ítems durante 30 días tras a súa publicación. Unha vez transcorrido este tempo, as peticións deben de ser revisadas para protexer as citacións ou reutilizacións que se puidesen ter feito.



Zenodo é o repositorio xeneralista máis importante a nivel europeo. Aberto a persoal investigador de calquera institución, ofrece a posibilidade de depositar e publicar calquera resultado, dende informes ata artigos ou *datasets*, e tamén permite asignar un DOI a cada ítem depositado. Na UDC é o repositorio xeneralista recomendado para depositar datos de investigación, para o que contamos cunha [comunidade específica](#). Podes solicitar máis información na biblioteca.

Convocatoria Excelencia curricular

Publicada a convocatoria ordinaria 2025 para os complementos de recoñecemento á excelencia curricular da Xunta de Galicia, dirixida a PDI funcionario ou contratado doutor. O período a avaliar comprende as anualidades 2020 a 204 e o prazo de presentación de solicitudes está aberto ata o 20 de marzo. [+ info](#)

Estratexias para incrementar a visibilidade e o impacto dos resultados da investigación

Entre o 16 e o 22 de marzo estará aberto o prazo de preinscrición nunha nova edición do curso semipresencial Estratexias para incrementar a visibilidade e o impacto dos resultados da investigación.

Trátase dunha actividade formativa dirixida a PDI e a persoal investigador predoutoral na que se tratan diversos aspectos relacionados coa publicación científica: dende os perfís de autor/a, as ciencia aberta e as súas prácticas, a relacións autor/editor, ata as redes sociais científicas.

A parte teórica titorizada realízase en Moodle e a parte práctica mediante un obradoiro na biblioteca. [+ info](#)

Glosario da edición científica

Dispoñible en Zenodo [Glosario de la edición científica \(2025\)](#). Trátase dunha adaptación ao español do glosario do Observatorio da Edición Científica de Francia, traducido e revisado polo grupo de transferencia da OPENPUB (Universidade de Murcia).

Sobre nós... Biblioteca Ángela Ruiz Robles (EPEF)**Enderezo**

Edificio de Apoio ao Estudo, 2º Andar. Campus de Esteiro, Ferrol.

Teléfonos

Mostrador. Información e préstamos: 881 013 332 / 881 013 652
Proceso técnico. Apoio ao estudiantado e a PDI: 881 013 290 / 881 013 625
Dirección da biblioteca: 811 013 284

Email

biblioteca.epef@udc.es

Redes sociais

[@biblioexenaria](#)

Web

<https://www.udc.es/biblioteca.epef>

**Subscrición ao boletín**

Podes recibir novos números deste boletín no teu correo electrónico solicitándoo no seguinte [formulario](#).